

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CONZI0FN	Expediente CON/19/2015	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de mantemento e reparación dos pavimentos no ámbito da cidade histórica de Santiago de Compostela excluído o recinto intramuros.

TIPO DE LICITACIÓN: 99.170,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 16 de abril de 2015, ás 11:15 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./D^a. María Antón Vilasánchez

Vocais: D./D^a. Manuel Martínez representante do grupo PP.
 D./D^a. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
 D. Jesús Curros Neira, xefe de servizo de OCIRH
 D^a Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
 D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten Dna. Esther Rozados Fernández, en representación de SAIDRES DE TRASDEZA, SL,

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	31/03/2015	14.365	CONSTRUCCIONES OÑIAL, SL
2	01/04/2015	14.680	SAIDRES DE TRASDEZA, SL
3	01/04/2015	14.730	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, SL
4	04/04/2015	14.922	SONENSE DE GRANITOS SL
5	04/04/2015	14.923	CYS HISPANIA
6	07/04/2015	15.177	ANLLAR CONSTRUCCIONES S.L.(*)

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)	Baixa aplicada sobre o cadro de prezos
1	CONSTRUCCIONES OÑIAL, SL	77.685,95	
2	SAIDRES DE TRASDEZA, SL	99.170,00	14 %
3	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, SL	76.359,00	
4	SONENSE DE GRANITOS SL	80.823,55	18,5 %
5	CYS HISPANIA	99.170,00	17,40 %
6	ANLLAR CONSTRUCCIONES S.L.(*)	87.869,01	

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZIOFN	<i>Expediente</i> CON/19/2015	



A mesa acorda que no caso das empresas que unicamente reflectiron unha cantidade de baixa económica sobre o gasto máximo previsto para este contrato, se reconvirta esta baixa económica a unha baixa porcentual a aplicar sobre o cadro de prezos unitarios, mantendo o mesmo criterio fixado para situacións análogas precedentes, o que permitirá a súa valoración e que se recollerá no seu momento como oferta definitiva da empresa que resulte proposta como adxudicataria.

En consecuencia, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

As 11:25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZIOFN	<i>Expediente</i> CON/19/2015	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de mantemento e reparación dos pavimentos no ámbito da cidade histórica de Santiago de Compostela excluído o recinto intramuros.

TIPO DE LICITACIÓN: 99.170,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 20 de abril de 2015, ás 10:55 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. María Antón Vilasánchez

Vocais: D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.

D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D. Jesús Curros Neira, xefe de servizo de OCIHR

Dna. Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.

D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adjudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acadou a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador JOSCÓN CONTRUCCIONES S.L.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Trasladar ao concelleiro delegado de contratación o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador JOSCON, CONTRUCCIONES, S.L, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta unha porcentaxe de baixa do 23% a aplicar sobre o cadro de prezos incorporado ao prego técnico, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 10:55 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA




O/A SECRETARIO/A DA MESA

INFORME:

O Concello de Santiago ten feita unha encomenda de xestión no Consorcio de Santiago para que sexa esta entidade a que se ocupe da reparación e mantemento dos pavimentos da cidade histórica de Compostela **no recinto intramuros**. Non obstante, a encomenda de xestión ao Consorcio non inclúe a reparación dos pavimentos das rúas da cidade histórica que se atopan fora do ámbito da muralla medieval. Neste senso, unha parte importante das rúas incluídas no Plan especial de protección y rehabilitación da cidade histórica quedan fora do ámbito de actuación da empresa contratada polo Consorcio.

A vista do ata aquí exposto, estase a tramita-lo procedemento para que o Concello de Santiago contrate unha empresa que se ocupe da reparación dos pavimentos das rúas incluídas no Plan especial 1, agás as que se atopan no recinto intramuros.

I. ANTECEDENTES:

- 
1. Con data 30/01/2015, o Xefe de Servizo de OCXHR emitíu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da súa contratación.
 2. Con data 13/02/2015 a Concelleira Delegada de Cultura e Patrimonio Histórico formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade.
 3. Con data 13/02/2015, o concelleiro delegado de réxime interior e administración pública resolveu iniciar o expediente proposto, ó que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase éste ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.
 4. Con 13/02/2015, incorpórase ó expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de



CONCELLO DE SANTIAGO

contratación, da mesma data, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que *“o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 109 da TRLCSP polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dictarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación”*.

II CONSIDERACIÓNS:

1. Para o procedemento administrativo, con carácter xeral, artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como artigos 68 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2. No que respecta a outras consideracións xurídicas, remítome, como non podería ser doutro xeito, o anteriormente mencionado informe do departamento de contratación de data 7/10/2014.

3. Á vista de canto antecede, contiúouse coa tramitación do procedemento. Unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acordouse na Xunta de Goberno Local a aprobación do expediente denominado **Servizo de mantemento e reparación dos pavimentos no ámbito da Cidade Histórica de Santiago de Compostela, excluído o recinto intramuros**, así como a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas e do gasto correspondente, e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de **99.170 euros IVE** aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 20.825,70 euros.




CONCELLO DE SANTIAGO

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **0403360021000**, de Protección do Patrimonio Histórico Artístico. Reparación, Mantemento e Conservación de Infraestructuras.

De acordo co establecido na lexislación, procedeuse a invitar a unha serie de empresas para que presentasen oferta económica. Pero, ademáis, se publicou no Perfil do Contratante do Concello o anuncio de este contrato, abríndose así a posibilidade de que presentasen ofertas cantas empresas o estimasen oportuno. Deste xeito, finalizados os prazos fixados para esta presentación de ofertas, achegaron a súas propostas os seguintes licitadores:

1. Construcciones Oñial, S.L., que oferta un prezo global de 77.685,95 € sobre a cantidade prevista polo Concello de 99.170 €. A baixa proposta por este licitador, fixada en termos porcentuales, é de **21,66 %**.
2. SAIDRES DE TRASDEZA, S.L., que oferta unha baixa fixada en termos porcentuales de **14,00 %**.
3. 2000 Joscón Construcciones, S.L., que oferta un prezo global de 76.359,00 € sobre a cantidade prevista polo Concello de 99.170 €. A baixa proposta por este licitador, fixada en termos porcentuales, é de **23,00 %**.
4. Sonense de Granitos, S.L., que oferta un prezo global de 80.823,55 € sobre a cantidade prevista polo Concello de 99.170 €. A baixa proposta por este licitador, fixada en termos porcentuales, é de **18,50 %**.
5. Cys Hispania, S.L., que oferta unha baixa fixada en termos porcentuales de **17,40 %**.



6. Anllar Construcciones S.L., que oferta un prezo global de 87.869,01 € sobre a cantidade prevista polo Concello de 99.170 €. A baixa proposta por este licitador, fixada en términos porcentuales, é de **11.39 %**.

Na mesa de contratación celebrada o luns 13 de novembro de 2014, na que se abriron as plicas coas ofertas, non se presentaron melloras sobre as ofertas presentadas nas plicas.

De conformidade co ata aquí exposto, se conclúe que a maior rebaixa de todas as ofertadas polas empresas que se presentan nesta licitación é a ofrecida por 2000 Joscón Construcciones, S.L., que oferta un prezo global de 76.359,00 € sobre a cantidade prevista polo Concello de 99.170 €. A baixa proposta por este licitador, fixada en términos porcentuales, é de **23,00 %**.

Dado que se trata dun contrato de servizos no que a empresa contratada deberá facer cantas obras de reparación de pavimentos se lle encarguen ata a cantidade total prevista como máxima polo Concello de 99.170 € e polos prezos fixados no prego de cláusulas administrativas aprobado pola Xunta de Goberno Local, se entende que estes prezos do prego quedarán rebaixados na porcentaxe do 23 % ofertada polo licitador.

A cantidade prevista de 99.170 €, con cargo á aplicación orzamentaria 0403360021000, de Protección do Patrimonio Histórico Artístico. Reparación, Mantemento e Conservación de Infraestructuras, é un máximo pero non ten que agotarse obrigatoriamente. A estes prezos iniciáis se sumará o I.V.E. correspondente do 21.00 %.

Santiago de Compostela, a 17 de abril de 2015.

O Xefe de Servizo da OCIHR.



Fdo: Jesús Curros Neira.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI0FN	<i>Expediente</i> CON/19/2015	



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de mantemento e reparación dos pavimentos no ámbito da cidade histórica de Santiago de Compostela excluído o recinto intramuros.

TIPO DE LICITACIÓN: 99.170,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Pte.Salvador Allende, 6-8, 30 de abril de 2015, ás 10:16 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dª María Antón Vilasánchez

Vocais: D. Manuel Martínez representante do grupo PP.
D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Jesús Curros Neira, xefe de servizo de OCiHR
Dª Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 10:18 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**



O/A SECRETARIO/A DA MESA

